

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia e se procede á súa convocatoria.*

O Regulamento (CE) nº 2792/1999, do consello, do 17 de decembro, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca (DOCE do 30 de decembro), constitúe un marco para o conxunto das intervencións no sector pesqueiro realizadas no territorio dun estado membro, con vistas a acadar os obxectivos establecidos no Regulamento (CE) nº 1263/1999 e os obxectivos da política pesqueira común, en particular a conservación e a explotación sustentable a longo prazo dos recursos.

Entre as medidas de intervención recollidas no citado regulamento atópanse as accións realizadas polos profesionais, definidas como accións de interese colectivo e de duración limitada en campos que normalmente non lle corresponden á empresa privada, realizadas coa contribución activa dos propios profesionais ou levadas a cabo por organizacións que actúen no nome dos produtores, que contribúan á consecución dos obxectivos da política pesqueira común. Estas accións poden referirse, entre outros, á xestión e control das condicións de acceso a determinadas zonas de pesca, á xestión do esforzo pesqueiro, ás medidas técnicas de conservación dos recursos, ás medidas de mellora das condicións de traballo e sanitarias, aos equipamentos acuícolas colectivos, reestruturación ou mellora de paraxes acuícolas, á formación, á aplicación de sistemas de mellora e control da calidade ou da rastrexabilidade, ou á creación de valor engadido nos produtos.

A participación dos propios interesados na mellora da xestión dos recursos mariños configúrase como un requisito necesario para garantir a eficacia das medidas implantadas e a consolidación dos seus resultados; por iso resulta oportuno promover e fomentar aquelas iniciativas que partindo dos sectores implicados contribúan ao desenvolvemento sustentable da actividade económica derivada da explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros. Sen esquecer a importancia das medidas dirixidas directamente a regular a actividade extractiva, trátase de dar cabida a aqueloutras iniciativas innovadoras de carácter complementario como as dirixidas a incrementar a calidade ou o valor engadido dos produtos, á mellora das condicións de traballo ou á mellora da potencialidade produtiva dos bancos pesqueiros e marisqueiros, medidas todas elas que permiten achegarse aos obxectivos de sustentabilidade antes mencionados.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde desenvolver, entre outras

competencias e funcións, as relativas á ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura. Dentro da estrutura orgánica deste organismo, a Dirección Xeral de Recursos Mariños é o órgano ao que se lle atribúen estas competencias.

Por outro lado, a Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece a normativa básica nesta materia e dispón que a concesión de subvencións se axustará entre outros aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación.

Dentro do marco establecido pola normativa comunitaria e pola básica do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia establece as bases e condicións así como o procedemento de concesión das distintas liñas de axudas, e así se recolle na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o antedito, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Bases.

Apróbanse as bases para a concesión de subvencións a proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia, e que figuran como anexo a esta orde.

Artigo 2º.-Convocatoria.

Convócanse as subvencións para o obxecto e conforme as bases reguladoras aprobadas nesta orde, para o ano 2006.

Artigo 3º.-Crédito orzamentario.

1. As subvencións concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.614B.770.1, axudas para proxectos de xestión integral dos recursos mariños, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, condicionado á existencia de crédito suficiente e axetado nos orzamentos definitivos.

2. O importe máximo de concesión destas subvencións para 2006 é de 4.315.000 euros, dos cales 2.295.000 € son cofinanciados pola Unión Europea a través do Instrumento Financeiro de Orientación Pesqueira (IFOP) na súa medida 83.44 (accións realizadas polos profesionais).

3. Estes importes, así como as aplicacións ás que se imputen, poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

4. En todo caso, e de conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 33, do 19 de febreiro), sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, o gasto que se proxecta queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006.

#### Artigo 4º.-Solicitudes.

1. O modelo de solicitude é o que se establece como anexo I ás bases reguladoras.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, salvo que mediante norma de rango superior se estableza como prazo mínimo un período maior.

Artigo 5º.-Prazo para realizar e xustificar os investimentos.

1. Consideraranse gastos subvencionables os realizados e pagados efectivamente entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data límite para a súa xustificación.

2. A data límite para presentar a xustificación dos investimentos co fin de cobrar a subvención é o 1 de decembro de 2006.

#### *Disposición adicional*

Deléganse nos delegados territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos as atribucións en materia de resolución dos procedementos de concesión, de revogación e reintegro das subvencións, de modificación destas, de anticipo de pagamento, e dos sancionadores que procedan (agás cando a competencia resida no Consello da Xunta de Galicia), referidos aos proxectos obxecto desta convocatoria e incluídos integramente dentro do ámbito territorial de cada delegación.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Recursos Mariños para que dite as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2005.

Carmen Gallego Calvar  
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

#### *ANEXO*

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia.

#### Capítulo I Disposicións xerais

##### Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia

competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia.

##### Artigo 2º.-Marco normativo.

Para o outorgamento e execución das subvencións reguladas nesta orde seguirase o disposto nas normas seguintes:

a) Regulamento (CE) nº 2792/1999, do consello, do 17 de decembro, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca, modificado polo Regulamento (CE) nº 1451/2001, do consello, do 28 de xuño, o Regulamento (CE) nº 179/2002, do consello, do 28 de xaneiro, o Regulamento (CE) nº 2369/2002 do Consello, do 20 de decembro e o Regulamento (CE) nº 1421/2004, do consello, do 19 de xullo.

b) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificada polas leis 8/1999, do 30 de decembro, Lei 5/2000, do 28 de decembro, Lei 3/2002, do 29 de abril, Lei 7/2002, do 27 de decembro, Lei 9/2003, do 23 de decembro, e 14/2004, do 29 de decembro.

d) Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións as entidades de interese colectivo definidas na Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, como calquera forma asociativa de dereito público ou privado, tales como confrarías, asociacións, cooperativas e organizacións constituídas por produtores de base e organizadas para desenvolver actividades consideradas na dita lei.

2. As entidades sinaladas no parágrafo anterior poderán concorrer de xeito individual ou conxuntamente. Neste último caso, deberán facer constar expresamente na solicitude qué compromisos corresponderán a cada unha delas na execución das accións, así como o importe da subvención solicitada que corresponderá a cada unha delas.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario aquelas entidades en que conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13, parágrafos 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

##### Artigo 4º.-Obrigas dos beneficiarios

1. Os beneficiarios, ao formalizaren a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán:

a) Facilitar toda a información que lles sexa requirida en relación ás subvencións e someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como aos órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea.

b) Comunica ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

c) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

d) Destinar os bens subvencionados co fin concreto para o que se conceda a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de bens inscristibles nun rexistro público, e de dous anos nos demais casos.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

f) Darlle a axeitada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado con expresa mención á participación do fondo IFOP, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1159/2000, da Comisión, do 30 de maio de 2000, sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os estados membros en relación coas intervencións dos fondos estruturais.

3. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor para obter dos organismos competentes os certificados de que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

Artigo 5º.-Proxectos obxecto de subvención.

1. Poderán ser obxecto de subvención de conformidade con esta orde os proxectos colectivos de investimento para a xestión integral dos recursos mariños dentro das augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, referidos entre outros a todos ou algún dos aspectos seguintes:

a) Implantación de técnicas de semicultivo ou outras medidas técnicas para a mellora da xestión e o control de acceso ao recurso, incluídas as de mellora ambiental.

b) Accións de acondicionamento ou rexeneración de bancos para a mellora da súa produtividade.

c) Medidas de mellora das condicións de traballo

d) Medidas de mellora das condicións sanitarias ou de calidade do produto ata o momento da primeira venda.

e) Medidas de control de enfermidades nas especies recurso.

f) Medidas de mellora da comercialización ou aumento do valor engadido do produto.

2. Para ter acceso a estas axudas, os investimentos deberán cumprir as condicións seguintes:

a) Contribuír ao efecto económico duradeiro da mellora estrutural buscada.

b) Ofrecer unha garantía suficiente de viabilidade técnica e económica.

c) Evitar efectos prexudiciais, en particular, o perigo de creación de capacidades de produción excedentarias.

d) Dispor das preceptivas concesións, autorizacións, permisos ou licenzas para levar a cabo os investimentos previstos e a súa posterior posta en produción.

Artigo 6º.-Gastos subvencionables.

1. Poderán concederse subvencións para os seguintes gastos, sempre que sexan necesarios para a execución dos proxectos referidos no artigo anterior:

a) Os derivados de accións materiais sobre o medio natural para a mellora da produtividade.

b) A adquisición de maquinaria, utensilios e elementos auxiliares para a explotación.

c) Os derivados do control do acceso ao recurso.

d) Os de estudos previos e de seguimento dos investimentos realizados e dos resultados do proxecto.

Artigo 7º.-Gastos non subvencionables.

Non serán subvencionables os custos relativos:

a) Á adquisición de terreos.

b) Aos vehículos destinados ao transporte de persoas.

c) Á adquisición de material, mobiliario e equipamento de oficina.

d) Aos gastos de mantemento e conservación dos bens e equipamentos.

e) Ao IVE, agás nos casos en que se achegue certificado expreso do Ministerio de Facenda na porcentaxe non recuperable del.

f) Á modernización ou acondicionamento de maquinaria, instalacións, locais, equipamentos, elementos auxiliares ou calquera outro tipo de ben, comprendidos en proxectos de investimento cuxo financiamento se realizase con axudas públicas, durante os cinco anos inmediatamente anteriores á solicitude.

Artigo 8º.-Intensidade da axuda.

1. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidades orzamentarias.

2. Dentro de cada proxecto poderanse subvencionar unha, varias ou todas as accións que o compoñen, en aplicación dos criterios sinalados no artigo 15. O importe dispoñible para a concesión das subvencións poderá ser rateado entre todas as accións seleccionadas.

3. A porcentaxe máxima das axudas poderá acadar o 100% do investimento subvencionable en cada unha das accións. En ningún caso a suma das subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas poderá ser superior ao seu custo.

4. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos liberados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

5. Manterase a axuda pero minorarase na fase de pagamento se o investimento material realizado é, por causa xustificada, de contía inferior á que se considerou subvencionable, e na mesma proporción.

#### Artigo 9º.-Incompatibilidades.

A percepción das subvencións previstas nesta orde será incompatible coa percepción doutras axudas para o mesmo proxecto financiadas por fondos europeos.

### Capítulo II Procedemento de xestión

#### Artigo 10º.-Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes dirixiranse á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos segundo o modelo que figura no anexo I a esta orde e presentarase dentro do prazo establecido na correspondente convocatoria no rexistro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou no de calquera das súas delegacións territoriais e comarcais, e en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes virán asinadas polo representante legal da entidade solicitante; se son formuladas por varias entidades conxuntamente deberán vir asinadas polos representantes de todas elas (cubriendo para iso tantos exemplares do modelo como sexa necesario), e deberán designar un representante ou apoderado único co que se levarán a cabo todos os trámites e comunicacións pertinentes.

#### Artigo 11º.-Documentación.

Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación (dous exemplares):

##### a) Documentación acreditativa da personalidade.

1. Copia cotexada do documento nacional de identidade do asinante ou asinantes da solicitude.

2. Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

3. Certificación do órgano competente na que se especifique o acordo polo se concede autorización para formalizarlle a solicitude ao asinante.

4. Certificación do órgano competente acerca do número de asociados á entidade, separado por sectores de actividade cando proceda.

5. Ademais, se o solicitante non é unha confraría de pescadores, copia cotexada dos seus estatutos.

b) Proxecto para o que se solicita a subvención, que deberá conter polo menos:

1. Memoria descritiva do historial produtivo dos bancos, zonas de produción ou especies obxectivo a que se dirixa o proxecto, e referido aos últimos cinco anos.

2. Memoria descritiva das accións acometidas pola entidade solicitante nos últimos cinco anos dirixidas á mellora da xestión ou da produtividade das zonas explotadas, indicando o custo de cada unha delas e grao de consecución dos obxectivos esperados.

3. Descrición das accións que se pretende acometer, calendario de realización e melloras esperadas con cada unha delas, con referencia expresa ás previsións de creación ou consolidación de emprego.

4. Plano de localización das accións previstas.

c) Orzamento detallado de cada unha das accións propostas, en que o IVE deberá vir separado.

1. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no caso de execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores antes de contraer o compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou que o gasto se fíxese con anterioridade á solicitude de subvención. A elección das ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta máis económica, e en calquera caso deberá responder a criterios de eficiencia e economía.

2. Declaración responsable sobre as fontes de financiamento previstas para cada unha das accións (recursos propios, préstamos, outras axudas...) conforme o anexo II.

a) Copia cotexada das concesións, autorizacións, permisos ou licenzas, segundo o caso, necesarias para levar a cabo os investimentos previstos e a súa posterior posta en produción.

b) Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

c) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións, conforme o anexo III.

#### Artigo 12º.-Emenda da solicitude.

1. Os órganos responsables da tramitación das solicitudes comprobarán que estas reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. En caso contrario, poráselles de manifesto por escrito aos interesados, para que nun prazo de dez (10) días remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expe-

diente, coa indicación de que, se así non o fixesen, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento do procedemento, o servizo xestor poderá requirir a entidade solicitante para que remita aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

#### Artigo 13º.-Órganos de xestión e resolución.

1. A tramitación dos expedientes será realizada polos servizos correspondentes das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, sen prexuízo do que se dispón no artigo seguinte acerca da comisión de avaliación.

2. A resolución correspóndelle ao conselleiro ou conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos sen prexuízo da aprobación, se é o caso, polo Consello da Xunta.

#### Artigo 14º.-Comisión de Avaliación.

1. Unha vez completos os expedientes serán remitidos a unha comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Recursos Mariños que os examinará e valorará logo de aplicar os criterios que se sinalan no artigo seguinte. O resultado da avaliación reflectirase nun informe que se incorporará ao expediente.

2. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros:

Presidente: director/a xeral de Recursos Mariños.

Vogais: dous funcionarios adscritos á Dirección Xeral de Recursos Mariños e á Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca, respectivamente, e un funcionario por cada unha das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, designados polo presidente.

En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros da comisión poderán ser substituídos por quen designe o seu presidente.

#### Artigo 15º.-Criterios de avaliación.

Para a valoración de cada unha das accións propostas nos proxectos presentados, a comisión terá en conta os seguintes criterios:

a) Presentación do proxecto de xeito conxunto por varias entidades.

b) Número de asociados á entidade ou entidades solicitantes, no sector de actividade ao que se dirixa o proxecto.

c) Creación ou consolidación de empregos alternativos ou complementarios á actividade extractiva, excluídos os estritamente necesarios para a realización do proxecto.

d) Grao de necesidade de acometer o investimento para acadar o fin previsto e relevancia das melloras esperadas en relación co custo necesario para a súa consecución.

e) Durabilidade dos resultados esperados.

f) Efectos beneficiosos sobre o ambiente.

g) Carácter innovador do proxecto.

h) Integración con outros proxectos que a entidade solicitante propoña ou teña en marcha.

i) Resultados obtidos por outros proxectos realizados anteriormente pola entidade solicitante.

#### Artigo 16º.-Proposta de resolución e aceptación.

1. Logo de deliberación, o presidente da comisión avaliadora formulará proposta de resolución que indicará de xeito individualizado os beneficiarios, os proxectos seleccionados e as accións para as que se propón a subvención, así como o importe da subvención proposta para cada unha delas.

2. A proposta notificaráselles aos interesados propostos como beneficiarios para que no prazo de dez (10) días comuniquen a súa aceptación ou rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela.

3. En función das dispoñibilidades orzamentarias adicionais, derivadas do rexeitamento de subvencións propostas, de modificación de resolucións de outorgamento ou de incremento do crédito destinado a este fin, poderán emitirse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

#### Artigo 17º.-Resolución.

1. Recibida a aceptación dos beneficiarios ou transcorrido o prazo para facelo, o órgano competente emitirá resolución motivada pola que se outorguen ou deneguen as subvencións solicitadas.

2. A resolución emitirase e notificaráselles aos interesados no prazo máximo de seis meses desde a publicación da correspondente convocatoria. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que os interesados poidan entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

#### Artigo 18º.-Recursos.

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o conselleiro ou conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous (2) meses, contados, en ambos os casos, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

#### Artigo 19º.-Modificación do proxecto.

1. Calquera modificación que se pretenda realizar nos investimentos inicialmente previstos, tanto no referente ao orzamento como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e deberá

ser posta en coñecemento desta sempre con anterioridade á súa realización.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, poderá lugar á modificación da resolución de concesión.

#### Artigo 20º.-Xustificación e pagamento.

1. Para o cobramento da subvención concedida, as entidades beneficiarias deberán presentar, no prazo establecido na convocatoria, a seguinte documentación no lugar e forma sinalados no artigo 10 desta orde:

a) Xustificación de ter realizadas as accións para as que se concedeu a subvención, mediante os seguintes documentos:

1. Informe técnico no que se describa a realización das accións e os datos e incidencias máis significativas na súa execución.

2. Relación de custos individualizados por cada actuación, con e sen IVE.

3. Facturas orixinais correspondentes aos custos sinalados na relación.

4. extractos das contas, ordes de transferencia, talóns ou certificacións bancarias que xustifiquen a efectiva realización dos gastos, así como o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios ás actividades subvencionadas. Igualmente, os gastos poderán xustificarse mediante informe de auditoría de contas.

b) Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

c) Certificado bancario acreditativo da titularidade e identificación da conta para o pagamento da axuda.

2. Os servizos correspondentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos emitirán certificado sobre o grao de realización do investimento, así como da súa adecuación, tanto ao proxecto que serviu de base para o outorgamento da axuda, como aos xustificantes de gasto presentados.

3. Poderán presentarse xustificacións parciais a medida en que se vaian executando as accións. Os pagamentos parciais non poderán superar o 80% do total da subvención concedida, e quedarán condicionados á efectiva realización completa do proxecto e á liquidación definitiva da subvención. Os pagamentos parciais están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 22º

4. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.

#### Artigo 21º.-Pagamento anticipado.

Por resolución motivada do conselleiro ou conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, e logo de solicitude dos interesados, poderá autorizarse un anticipo de ata un 50% da subvención prevista para a anualidade naqueles casos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos. Os pagamentos anticipados están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 22º.

#### Artigo 22º.-Garantías.

1. Será obrigatoria a prestación de garantías para a expedición de anticipos ou pagamentos parciais nos seguintes supostos:

a) Anticipos que superen o importe de 30.050 euros.

b) Pagamentos parciais cando a contía da subvención exceda de 30.050 euros. Non será necesaria a prestación de garantía cando se xustifique que as accións realizadas, para as que se solicita o pagamento parcial, son susceptibles de producir os efectos esperados con independencia da realización das outras accións incluídas no proxecto.

2. A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, e deberá acadar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación previsto na convocatoria.

3. A garantía deberá cubrir o importe dos anticipos ou pagamentos fraccionados xunto cos xuros deste calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data de solicitude e como mínimo a data sinalada no punto 2.

4. As garantías serán liberadas logo de que se comprobe a realización do proxecto ou das accións independentes que o compoñan.

#### Artigo 23º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención concedida e dos xuros de mora que se teña dereito a percibir desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos sinalados no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

#### Artigo 24º.-Publicidade.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con suxeición a esta orde indicando o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE PESCA**  
**E ASUNTOS MARÍTIMOS**



**MINISTERIO DE**  
**AGRICULTURA, PESCA**  
**E ALIMENTACIÓN**

**UNIÓN EUROPEA**  
**IFOP**



PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS COLECTIVOS DE XESTIÓN INTEGRAL PARA O APROVEITAMENTO DOS RECURSOS MARIÑOS EN GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PE208A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**1.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME DA ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

**2.- DATOS DO/A REPRESENTANTE**

NOME E APELLIDOS		NIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

**3.- OBXECTO**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA
LOCALIZACIÓN	

**4.- DECLARO:** Que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

**5.- ACEPTO:** O compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.

**6.- AUTORIZO:** Ao órgano xestor para obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.

**7.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (DOUS EXEMPLARES)**

- COPIA COTEXADA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE DO ASINANTE OU ASINANTES DA SOLICITUDE.
- TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE NA QUE SE ESPECIFIQUE O ACORDO POLO QUE SE CONCEDE AUTORIZACIÓN PARA FORMALIZAR A SOLICITUDE AO ASINANTE.
- CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE ACERCA DO NÚMERO DE ASOCIADOS Á ENTIDADE. SEPARADO POR SECTORES DE ACTIVIDADE CANDO PROCEDA.
- COPIA COTEXADA DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE SOLICITANTE (SÓ SE NON É UNHA CONFRARÍA).
- PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN.
- ORZAMENTO DETALLADO DE CADA UNHA DAS ACCIÓNS PROPOSTAS.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE AS FONTES DE FINANCIAMENTO PREVISTAS (ANEXO II).
- COPIA COTEXADA DAS CONCESIÓNS, AUTORIZACIÓNS, PERMISOS OU LICENZAS NECESARIOS.
- CERTIFICACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓNS (ANEXO III).

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia e se procede á súa convocatoria.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE

\_\_\_\_\_  
 , de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO  
 \_\_\_\_\_

REVISADO E CONFORME  
 \_\_\_\_\_

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_  
 DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

## ANEXO II

## DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO

D/Dª \_\_\_\_\_, representante da entidade \_\_\_\_\_, solicitante de subvención para o proxecto colectivo de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia do que se indican os datos:

Denominación do proxecto: \_\_\_\_\_

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN ACERCA DO FINANCIAMENTO DO PROXECTO:**

**Axudas concedidas:**

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.  
 Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda \_\_\_\_\_ Importe \_\_\_\_\_

Convocatoria no Diario Oficial \_\_\_\_\_ Data da convocatoria \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Data da resolución \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Entidade concedente \_\_\_\_\_

**Axudas solicitadas:**

- Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.  
 Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda \_\_\_\_\_ Importe \_\_\_\_\_

Convocatoria no Diario Oficial \_\_\_\_\_ Data da convocatoria \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Data da solicitude \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Entidade convocante \_\_\_\_\_

**Outras fontes de financiamento para o proxecto:**

Recursos propios: Importe \_\_\_\_\_

Préstamos: Importe \_\_\_\_\_ Entidade \_\_\_\_\_

Outros (especificar) \_\_\_\_\_

Lugar e data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

## ANEXO III

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONS**

D/Dª \_\_\_\_\_, representante da entidade \_\_\_\_\_, solicitante de subvención para o proxecto colectivo de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia do que se indican os datos:

Denominación do proxecto: \_\_\_\_\_

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que non estou incurso/a en ningún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, nin desempeño ningún dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

**E QUE A ENTIDADE QUE REPRESENTO:**

Non está incurso en ningunha circunstancia que a inhabilite para ser beneficiaria de axudas e subvencións, e en particular:

- Non foi condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións e axudas públicas.
- Non solicitou a declaración de concurso nin se encontra en tal situación, non foi declarada insolvente, non está suxeita a intervención xudicial nin foi inhabilitada conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Non deu lugar, por causa da que fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- Non foi sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou a Lei xeral tributaria.

Lugar e data \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)



**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Resolución do 29 de novembro de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Unión Cristalera Portaglás, S.L. (para o centro de Vigo).*

Visto o texto do convenio colectivo da empresa *Unión Cristalera Portaglás, S.L.* (para o centro de Vigo), con nº de código 3601421 que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 24-10-2005, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polos delegados de persoal, en data 8-7-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 29 de novembro de 2005.

Pedro Borrajo Rivas  
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo da empresa  
*Unión Cristalera Portaglás, S.L.* (Vigo)

Capítulo I  
Disposicións xerais

Sección primeira  
Obxecto

**Artigo 1º**

O presente convenio ten por obxecto rexer as condicións de traballo entre a empresa *Unión Cristalera Portaglás, S.L.* e o persoal incluído no ámbito desta, de acordo co disposto no artigo seguinte.

Sección segunda  
Ámbito de aplicación

**Artigo 2º.-Persoal.**

O presente convenio afecta a todos os traballadores que prestan servizos en *Unión Cristalera, S.A.* con

exclusión do persoal pertencente ás categorías denominadas cadro e EAP.

**Artigo 3º.-Territorial.**

As normas deste convenio serán de aplicación en todos os centros de traballo que na actualidade ten *Unión Cristalera Portaglás, S.L.* en Vigo.

**Artigo 4º.-Temporal.**

O presente convenio terá unha duración de 3 anos, comezando a súa vixencia, para todos os efectos, o día 1 de xaneiro de 2005 e rematando o día 31 de decembro de 2007.

O primeiro de xaneiro do ano 2008 considérase expresamente denunciado o presente convenio, aínda cando non houbese comunicación escrita entre as partes, comezando a continuación as deliberacións dun novo convenio. Igualmente se entenderá prorrogado o presente convenio mentres non se aprobe un novo acordo.

**Sección terceira****Compensación, absorción e vinculación á totalidade****Artigo 5º.-Absorción e compensación.**

No suposto de que durante o prazo de vixencia deste convenio se acordasen, por disposición legal, condicións que total ou parcialmente afectasen as contidas nel, aplicaranse, en canto a absorción e compensación, as normas de carácter xeral actualmente vixentes, ou as que se diten no sucesivo, efectuándose en calquera caso o cómputo global anual para determinar as absorcións e compensacións que procedan.

**Artigo 6º.-Garantía persoal.**

No caso de existir algún traballador ou grupos de traballadores que tivesen recoñecidas condicións tales que, examinadas no seu conxunto, resultasen superiores ás que para o persoal desta categoría profesional se establecen neste convenio, respectaranse as ditas condicións con carácter estritamente persoal e soamente para aqueles a quen persoalmente afecten.

**Artigo 7º.-Vinculación á totalidade.**

Ambas as partes conveñen expresamente en que as normas fixadas no presente convenio serán aplicables mentres teñan vixencia todas e cada unha delas, sen prexuízo do establecido en canto a revisión das condicións económicas.

Se algunha ou algunha das normas pactadas fosen alteradas por disposicións legais, ou, ao ser rexistrado o convenio pola autoridade laboral, considerárase causa de revisión, a menos que as partes, de común acordo, renunciaren expresamente á dita revisión.

Non se considerará alteración incluída para os efectos do establecido no parágrafo precedente, o establecemento de novos salarios mínimos legais, na aplicación dos cales rexerá o que dispoña a norma